

RESOLUCIÓN DEFINITIVA DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN CON REFERENCIA 2019/CP/131, PARA UN/HA COLABORADOR/A NAS TAREFAS DO CAMPUS INDUSTRIAL (CATEGORÍA TÉCNICO ADMINISTRATIVO), CONVOCADO POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA E PUBLICADO NA SÚA SEDE ELECTRÓNICA E NA PÁXINA WEB DA UDC O 18 DE XULLO DE 2019

O 18/07/2019 publicouse a convocatoria das bases reitoras para a selección e contratación laboral dun/ha técnico administrativo/a a tempo completo (Ref. 2019/CP/131), destinado/a a colaborar nas tarefas do Convenio do Campus Industrial.

O 16/08/2019 publicouse a resolución provisional co nome da candidata seleccionada para a devandita praza, outorgando un prazo de 3 días para presentar reclamacións.

Tendo en conta que non se recibiu ningunha reclamación, o órgano de selección acorda resolver definitivamente á candidatura á praza 2019/CP/131:

DOPICO GARCÍA, MÓNICA, DNI *6896****

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada perante o reitor no prazo dun mes, que contará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo doutros recursos administrativos que se poidan presentar.

Ferrol, 28 de agosto de 2019

A presidenta do Órgano de Selección

Araceli Torres Miño